



Plan de integración das TIC

Índice

1.	Características da comunidade educativa. Iniciativas xa realizadas neste campo. Interese de cara ao futuro.	2
2.	Obxectivos a curto prazo. Metodoloxía e actividades concretas para acadalos. Iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos.....	3
3.	Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos ..	3
4.	Organización dos espazos do centro.....	3
5.	Fomento dos valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte das mulleres e dos homes e das persoas de diferentes condicións sociais.....	4
5.1	Fomento dos valores democráticos	4
5.2	Tratamento da diversidade e atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.....	4
5.3	Medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte das mulleres e dos homes e das persoas de diferentes condicións sociais.....	4
6.	Uso das aulas de informática como centro de recursos multimedia para a obtención de recursos e para a aprendizaxe.....	5
7.	Plan de avaliación anual de obxectivos acadados e os cumpridos. Estratexias para alcanzar os non conseguidos.....	5
8.	Detección de necesidades formativas do profesorado. Plan de formación interno para difundir boas prácticas e aproveitar ideas e coñecementos do resto do profesorado ..	5
9.	Medidas para difundir o proxecto entre a comunidade educativa e fomentar a súa participación nel	6



1. Características da comunidade educativa. Iniciativas xa realizadas neste campo. Interese de cara ao futuro.

- **Persoal docente:** profesoras e profesores pertencentes a 3 corpos docentes (profesorado de ensinanza secundaria, profesorado técnico de formación profesional e mestres), ademais do profesorado de relixión, e a 25 especialidades diferentes. O nivel de dominio e uso das TIC é medio, aínda que se observa un progreso notable nos últimos cursos académicos (participación en actividades de formación sobre a materia, aumento da aplicación das mesmas na impartición das clases, etc.).
- **Persoal de administración e servizos:** As auxiliares administrativas e as conserxes usan os recursos informáticos existentes en secretaría e en conserxería para a realización de seu traballo (xestión administrativa do centro, xestión do correo, etc.).
- **Alumnado:** O seu nivel de dominio e uso das TIC, excepto o alumnado dos ciclos formativos de Electrónica, é medio, predominando a utilización lúdica sobre calquera outra.
- **Familias do alumnado:** son, fundamentalmente, persoas de nivel socioeconómico e cultural medio e medio-baixo, cun uso e un dominio aínda reducido das TIC. Advírtese un interese crecente polas nova tecnoloxías, sobre todo pola influencia das fillas e fillos.

Iniciativas realizadas no campo das TIC

- Dotación de aulas, laboratorios, talleres e outros espazos docentes de equipos con conexión á rede (canón, ordenador, pizarra dixital)
- Dotación de espazos de traballo: biblioteca, despachos de traballo, conserxería, etc.
- Elaboración de programacións didácticas coa ferramenta web da consellería.
- Elaboración de programacións e memorias didácticas con modelos estandarizados polo centro.
- Uso da aula virtual entre docentes e alumnado.
- Uso da aplicación AbalarMóbil por parte do alumnado e as familias.
- Elaboración de Blogues en departamentos e outras actividades (Biblioteca, Club de Ciencia...)
- Uso de redes sociais (Twitter do centro, Facebook da biblioteca, Instagram Club de Ciencia...)

Intereses de cara ao futuro

- Mellorar o deseño da páxina web do centro para ser utilizada como vehículo de comunicación co alumnado, as familias, as empresas e o resto da sociedade e para utilizada como aula virtual (como instrumento de apoio á impartición das clases e realización de probas de avaliación).
- Mellorar a dotación de equipos conectados á rede en todos os espazos docentes ou de outro uso e facilitar o acceso a todas as persoas.
- Aumentar o uso de Internet por parte de todos os departamentos didácticos como instrumento de apoio ás clases convencionais.
- Mellorar a formación do persoal docente e de administración e servizos e do alumnado.
- Fomentar os uso da aplicación AbalarMóbil e o correo electrónico para comunicarse coas familias do alumnado e coas entidades empresariais, políticas e sociais do entorno do centro.



2. Obxectivos a curto prazo. Metodoloxía e actividades concretas para acadalos. Iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos.

Obxectivos (curto prazo)	Metodoloxía e actividades
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mellorar a formación do profesorado na materia. Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades... ▪ Aumentar os equipos conectados á rede postos a disposición do alumnado e a rede wifi. ▪ Facilitar o acceso ás TIC ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e de reforzo das aprendizaxes. ▪ Fomentar o uso das TIC para que o alumnado de bacharelato obteña información sobre estudos universitarios. ▪ Fomentar o uso das TIC para que o alumnado de ciclos formativos obteña información sobre ofertas de emprego e sobre estudos universitarios. ▪ Fomentar entre as familias a aplicación AbalarMóbil 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades de formación internas e externas. ▪ Aproveitamento dos coñecementos máis avanzados de parte do profesorado do centro. ▪ Situar os novos equipos nun espazo accesible ao alumnado no recreo. ▪ Utilizar para elo as sesións de reforzo e, se é posible, horas fóra do período lectivo. ▪ Traballo correspondente ás titoras e titores e ao Departamento de Orientación. ▪ Realización de cursos de formación en relación coas TIC de nais e pais de alumnado

3. Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos

- Para lograr unha coordinación máis áxil e fluída, o intercambio de experiencias entre o persoal dos distintos departamentos didácticos sobre o uso das TIC levarase a cabo, fundamentalmente, entre as xefas e xefes de departamento, que se reunirían periodicamente para tratar sobre este asunto.
- Cada profesora e profesor procurará facer chegar ao resto do claustro, directamente ou a través do seu departamento, aquelas experiencias máis novas que vaia aplicando na súa práctica docente e que considere que poden ser aproveitables para o resto do persoal docente. Debe procurarse que o intercambio sexa o máis equilibrado posible e baseado nun espírito de leal colaboración, para evitar que unha minoría leve a cabo un traballo de innovación e formación do que se beneficie o resto, sen aportar nada a cambio.
- Creación dunha base de datos común de material para aplicar as TIC que estea a disposición de todo o profesorado, constituída por todas as aportacións dos membros do claustro e de fóra do centro.

4. Organización dos espazos do centro

Poderían ser útiles as seguintes melloras:

- Instalar equipos conectados á rede accesibles ao alumnado no vestíbulo.
- Aumentar os equipos a disposición do profesorado presentes na sala de profesorado



- Renovar os equipos obsoletos presentes nas aulas-talleres de ciclos formativos, e aumentar o número de equipos informáticos nas aulas da ESO e Bacharelato

5. Fomento dos valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte das mulleres e dos homes e das persoas de diferentes condicións sociais

5.1 Fomento dos valores democráticos

Os medios relacionados coas TIC serán utilizados en actividades docentes ou complementarias que fomenten –entre outras cousas- os valores democráticos entre o alumnado e o profesorado (solidariedade, respecto, colaboración, non discriminación por ningunha causa, prevención e erradicación da violencia sobre as mulleres, etc.)

5.2 Tratamento da diversidade e atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo

Os medios relacionados coas TIC serán utilizados nas actividades docentes e complementarias destinadas a compensar as deficiencias de formación e aprendizaxe do alumnado con NEE (aplicacións informáticas deseñadas especificamente para este fin, fomento da comprensión lectora e da escritura, busca de información para ampliar coñecementos e realizar traballos escolares, etc.).

5.3 Medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte das mulleres e dos homes e das persoas de diferentes condicións sociais.

Todas as actividades relacionadas coas TIC serán levadas a cabo tendo o máximo coidado en evitar calquera discriminación entre mulleres e homes (contidos diferenciados para uns e outros, máis uso dos medios por uns que por outros, etc.) e entre o alumnado de diferentes condicións sociais (alumnado que ten acceso ás TIC no seu domicilio familiar fronte ao que non o ten, alumnado con máis formación inicial na materia fronte ao menos formado, etc.).



6. Uso das aulas de informática como centro de recursos multimedia para a obtención de recursos e para a aprendizaxe

Actualmente hai 2 aulas de acceso libre dotadas con 20 postos de equipos informáticos. Nos talleres e aulas de específicas (FOL) hai dotación de equipos para cada alumno ou alumna.

7. Plan de avaliación anual de obxectivos acadados e os cumpridos. Estratexias para alcanzar os non conseguidos

Ao final de cada curso, no momento da elaboración da memoria final cada departamento didáctico incluíra neste documento o apartado relativo ao grao de cumprimento do previsto na programación didáctica de principio de curso en materia de uso das TIC, especificando cales son, ao seu xuízo os motivos dos posibles incumprimentos. Xefatura de estudos realizará o propio na súa memoria de fin de curso.

Os departamentos didácticos, coa colaboración de xefatura de estudos, incluírán na programación didáctica do curso que empeza as medidas que consideren oportunas para intentar superar os obstáculos que impediron o cumprimento durante o curso anterior (mellora dos medios materiais, actividades formativas para o profesorado, colaboración de outros departamentos didácticos do centro, colaboración de asesores do CFR, colaboración de outros expertos, implantación de medidas e actividades experimentadas con éxito por outros centros, etc.).

8. Detección de necesidades formativas do profesorado. Plan de formación interno para difundir boas prácticas e aproveitar ideas e coñecementos do resto do profesorado

Ao principio de cada curso académico, no mes de setembro, xefatura de estudos utilizará un cuestionario para que o profesorado do centro manifeste as súas necesidades de formación na materia –e en outras- para facerlle chegar esta información ao CFR, Centro de Formación e Recursos de A Coruña.

Procurarase que o CFR organice as actividades formativas máis demandadas. Se é posible, intentarase que sexan impartidas no propio centro, para facelas máis accesibles ao profesorado.

Ademais, procurarase a colaboración do profesorado destinado no centro con máis dominio nas TIC (o do departamento didáctico de Informática e outro), ben mediante a impartición das actividades formativas na materia, ben coa súa colaboración informal, mediante suxestións, apoio habitual, proposta de ideas para aplicar novacións nas clases, etc.



9. Medidas para difundir o proxecto entre a comunidade educativa e fomentar a súa participación nel

a.- Difusión do Plan coa publicación na páxina web do centro.

- Todo o persoal docente, para que este o inclúa nas súas programacións didácticas para o seguinte curso académico
- Os membros do Consello Escolar.
- A Asociación de Nais e Pais de Alumnado, para o seu coñecemento e, se é o caso, presentación de propostas de mellora.

b. As titoras e titores informarán aos seus cursos respectivos dos aspectos e obxectivos máis importantes do mesmo.

c. As xefas e xefes de departamento didáctico velarán polo cumprimento do disposto nel polas súas compañeiras e compañeiros e recollerán as propostas de mellora ou corrección de deficiencias para transmitirlas a xefatura de estudos.

d. Xefatura de estudos, xunto co resto do equipo directivo, procurará poñer todos os medios posibles para lograr o cumprimento do plan por parte do profesorado.